

LOANZAS Á TERRA

MARÍA CANOSA

Sei de *O enigma de Embívicus* dende o 15 de maio de 1992, cando mo regalaron a través do certame _Achegamento ó libro_ que promovían na miña vila natal. E penso que foi un grande acerto, porque verdadeiramente con esta lectura un consegue achegarse á maxia do libro e da lectura.

Teño moi boas lembranzas desta historia, que non deixa de ser unha fervorosa loubanza á paisaxe galega e ás tradicións da mesma índole: os xogos infantís, as relacións veciñais,... Unha loubanza á nosa terra que, coñecendo a orixe extremeña do seu autor, é dobremente emotiva.

Xosé Antonio Perozo demostra en innumerables ocasións que sabe, dende o corazón, que significa Galicia, e así nolo transmite nas súas liñas.

Penso no protagonista da historia, ese Cali que tantas veces me fixo viaxar á aldea, ós meus xogos infantís, ó son do río, ó grupo de amigos,... loiro e de ollos azuis e creo que ben

podería se-lo mesmo Perozo cando era un cativo, porque esa vitalidade e forza son propias do mesmo.

Xeneroso, activo, humano e optimista son adxectivos que ben poderían defini-lo protagonista, o autor, a historia e o propio libro, que nos envolven nunha maxia da que resulta imposible escapar.

Aínda arrecenden no meu maxín as flores que dan paso a grande parte da historia de Embívicus.

É o fermoso dos libros, que de cousas pequenas, aparentemente débiles e insignificantes como pode ser un pétalo, fan agromar as máis fermosas historias da literatura. E é que a maxia da lectura é así, discreta e tremendamente potente, embaucadora e tenaz, é unha viaxe que só precisa do noso sentimento como medio de locomoción, un sonho que se vive cos ollos moi abertos.

MARÍA CANOSA é escritora e estudante universitaria
